

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 20 DE  
NOVEMBRO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas do día vinte de novembro de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asiste, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º Toma de coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro presentada por don José Venancio Salcines Cristal**

Visto o escrito presentado por don José Venancio Salcines Cristal o 12 de novembro actual, polo que renuncia á súa acta de concelleiro no Concello de Cambre.

Vista a proposta de Alcaldía de data 17 de novembro de 2009, o Sr. alcalde somete a votación a proposta.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que o asunto é tomar coñecemento da renuncia, polo que non se pode votar.

Pola secretaria da corporación se informa que o que se someteu a votación non é tomar coñecemento da renuncia do Sr. concelleiro, senón unha proposta redactada segundo a Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, na que, como primeiro punto va a toma de coñecemento da renuncia, e dá lectura a dita Instrución, segundo a cal: “O pleno da entidade local da que forma parte tomará coñecemento dela, remitindo certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral Central para os efectos de levar a cabo a substitución, conforme co disposto na Lei orgánica do réxime electoral xeral, indicando o nome da persoa á que, a xuízo da Corporación, corresponde cubrir a vacante.”

A continuación, o Sr. alcalde declara a toma de coñecemento, e non somete a votación a proposta.

Os dezanove concelleiros asistentes á sesión amosaron a súa conformidade á proposta e, para tal efecto:

Primeiro: Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro do Concello de Cambre, presentada por don José Venancio Salcines Cristal mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 15407 o 12 de novembro actual.

Segundo: De conformidade co establecido no alínea 1 da Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais, remitir certificación á Xunta Electoral Central.

**2º Toma de coñecemento da renuncia expresa a ser proclamado concelleiro electo presentada por don Roberto Antonio Naveira Filgueiras, e proposta de designación da persoa á que corresponde cubrir a vacante**

Visto o escrito presentado por don Roberto Antonio Naveira Filgueiras o 13 de novembro actual, polo que renuncia de forma expresa a ser proclamado concelleiro electo do Concello de Cambre.

Vista a proposta de Alcaldía de data 17 de novembro de 2009.

Os dezanove concelleiros asistentes á sesión amosaron a súa conformidade á proposta e, para tal efecto:

Primeiro: Tomar coñecemento da renuncia expresa a ser proclamado concelleiro electo do Concello de Cambre, presentada por don Roberto Antonio Naveira Filgueiras mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 15513 o 13 de novembro actual, e remitir á Xunta Electoral Central o dito escrito para a súa toma de coñecemento.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 182.1. da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e alíneas 1 e 2 da Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, respecto da substitución de cargos representativos locais, sinalar á Xunta Electoral Central que o candidato da lista a prol de quen corresponde expedir a credencial acreditativa da condición de electo, atendendo á súa orde de colocación, é dona M<sup>a</sup> Ángeles Míguez Mouzo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia